

Esta norma foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades máis representativas do sector. Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Importes unitarios iniciais das axudas asociadas á produción de tabaco, para o ano 2006.*

Os importes unitarios iniciais das axudas asociadas á produción de tabaco cru, por quilogramo e por variedade ou grupo de variedades para a colleita 2006, son os seguintes:

Importes unitarios das axudas

Grupo de variedades	I Virginia	II Burley	III Burley fermentado Havana	IV Kentucky
Euro/kg.	2,095	1,676	1,676	1,843

Artigo segundo. *Importe unitario inicial da axuda adicional, para o ano 2006.*

O importe unitario inicial da axuda adicional pola realización de actividades importantes para mellorar a calidade e a comercialización do tabaco cru, que será uniforme para todos os grupos de variedades, queda fixado para a colleita 2006 en 0,07 euros por quilogramo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, título competencial previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

4769 *ORDE APA/725/2006, do 10 de marzo, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 64, do 16-3-2006.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2006/14/CE da Comisión, do 6 de febreiro de 2006, modifica o anexo IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a

introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, mediante esta orde, incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/14/CE da Comisión, do 6 de febreiro de 2006.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda modificado como segue:

Un. O último parágrafo da columna dereita do punto 2 da sección I da parte A do anexo IV queda redactado do seguinte modo:

«O primeiro guión, no cal se especifica que as embalaxes de madeira deberán estar fabricadas con madeira en rolla descascada, só será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2009.»

Dous. O último parágrafo da columna dereita do punto 8 da sección I da parte A do anexo IV queda redactado do seguinte modo:

«A primeira liña da alínea a), na que se especifica que as embalaxes de madeira deberán estar fabricadas con madeira en rolla descascada, só será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2009.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

4877 *ORDE APA/746/2006, do 10 de marzo, pola que se modifican os Regulamentos de inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais correspondentes a cereais, millo, oleaxinosas, téxtiles, pataca, forraxeiras, pratenses, cespitosas, leguminosas gran e remolacha.* («BOE» 65, do 17-3-2006.)

A Directiva 2005/91/CE da Comisión, do 16 de decembro de 2005, que modifica a Directiva 2003/90/CE do Consello, do 6 de outubro de 2003, pola que se establecen disposicións de aplicación, aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello, con respecto ás características que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar variedades de determinadas especies de plantas agrícolas, substitúe os anexos I e II desta directiva.

A Directiva 2003/90/CE, do Consello, do 6 de outubro de 2003, foi incorporada pola Orde APA/530/2004, do 13 de febreiro, pola que se modifican os regulamentos de inscrición de variedades no rexistro de variedades comerciais correspondentes a cereais, millo, oleaxinosas, téxtiles, pataca, forraxeiras, pratenses, cespitosas, leguminosas gran e remolacha.

Esta orde incorpora a Directiva 2005/91/CE da Comisión, do 16 de decembro de 2005, modificando os correspondentes regulamentos técnicos de inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde do 28 de abril de 1975 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de trigo, cebada, avea, centeo, triticale e arroz.*

A Orde do 28 de abril de 1975, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de especies trigo, cebada, avea, centeo, triticale e arroz, modifícase como segue:

Un. O título substitúese polo seguinte texto:

«Regulamento de inscrición de variedades de cereais.»

Dous. Os anexos 1 e 2 substitúense polos que figuran no anexo I desta orde.

Artigo segundo. *Modificación da Orde do 28 de abril de 1975 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de pataca.*

Os anexos 1 e 2 da Orde do 28 de abril de 1975, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de pataca, substitúense polos que figuran como anexo II desta orde.

Artigo terceiro. *Modificación da Orde do 28 de abril de 1975, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de remolacha.*

Os anexos 1 e 2 da Orde do 28 de abril de 1975, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de remolacha, substitúense polos que figuran como anexo III desta orde.

Artigo cuarto. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1985 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades millo, sorgo e híbridos de sorgo e pasto do Sudán.*

Os anexos 1 e 2 da Orde do 1 de xullo de 1985, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de millo, sorgo e híbridos de sorgo e pasto do Sudán, substitúense polos que figuran no anexo IV desta orde.

Artigo quinto. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1985, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de alfalfa, dácilo, festuca e ray-grass.*

A Orde do 1 de xullo de 1985, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de alfalfa, dácilo, festuca e ray-grass modifícase como segue:

Un. O título substitúese polo seguinte texto:

«Regulamento de inscrición de variedades de especies forraxeiras, pratenses, cespitosas e leguminosas gran.»

Dous. Os anexos 1 e 2 substitúense polos que figuran como anexo V desta orde.

Artigo sexto. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1985 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de cártamo, colza, xirasol, soia e algodón.*

A Orde do 1 de xullo de 1985, pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de cártamo, colza, xirasol, soia e algodón, modifícase como segue:

Un. O título substitúese polo seguinte texto:

«Regulamento de inscrición de variedades de oleaxinosas e téxtiles.»

Dous. Os anexos 1 e 2 substitúense polos que figuran como anexo VI desta orde.

Disposición transitoria única. *Variedades que se encontran en trámite de admisión.*

Aquelas variedades, das especies que se citan nos anexos, que con data 1 de abril de 2006 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no rexistro de variedades, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas respectivamente pola presente orde ou, se é o caso, polas disposicións anteriores substituídas por estas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de abril de 2006.

Madrid, 10 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

Arroz, directriz TP 16/1 do 18.11.2004
Avea, directriz TP 20/1 do 6.11.2003
Orxo, directriz TP 19/2 do 6.11.2003
Centeo, directriz TP 58/1 do 31.10.2002
Trigo brando, directriz TP 3/3 do 6.11.2003
Trigo duro, directriz TP 20/2 do 6.11.2003
Triticale, directriz TP 121/1 do 6.11.2003

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂»

ANEXO II

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

Pataca, directriz TP 23/1 do 27.3.2002

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂»

ANEXO III

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂

Remolacha forraxeira, directriz TG/150/3 do 4.11.1994»

ANEXO IV

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

Millo, directriz TP 2/2 do 15.11.2001

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂

Sorgo, directriz TG/122/3 do 6.10.1989»

ANEXO V

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

Chícharo forraxeiro, directriz TP 771 do 6.11.2003

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂

Agróstide canina, directriz TG/30/6 do 12.10.1990
 Agróstide branca, directriz TG/30/6 do 12.10.1990
 Agróstide rastreira, directriz TG/30/6 do 12.10.1990
 Agróstide común, directriz TG/30/6 do 12.10.1990
 Alfalfa, directriz TG/6/5 de 6.4.2005
 Tremoceiro branco, directriz TG/66/4 do 31.3.2004
 Tremoceiro amarelo, directriz TG/66/4 do 31.3.2004
 Tremoceiro azul, directriz TG/66/4 do 31.3.2004
 Bromo peludo de Alaska, directriz TG/180/3 do 4.4.2001
 Cebadilla, directriz TG/180/3 do 4.4.2001
 Festuca ovina, directriz TG/67/4 do 12.11.1980
 Dáctilo, directriz TG/31/8 do 17.4.2002
 Festuca alta, directriz TG/39/8 do 17.4.2002
 Festuca dos prados, directriz TG/39/8 do 17.4.2002
 Festuca vermella, directriz TG/67/4 do 12.11.1980
 Fleo, directriz TG/34/6 do 7.11.1984
 Faba forraxeira, directriz TG/8/6 do 17.4.2002
 Poa dos prados Pasto azul de Kentucky, directriz TG/33/6 do 12.10.1990
 Ray-grass de Italia, directriz TG/4/7 do 12.10.1990
 Ray-grass perenne, directriz TG/4/7 do 12.10.1990
 Ray-grass híbrido, directriz TG/4/7 do 12.10.1990
 Trevo común, directriz TG/5/7 do 4.4.2001
 Trevo branco, directriz TG/38/7 do 9.4.2003
 Ervella común, directriz TG/32/6 do 21.10.1988.»

ANEXO VI

«ANEXO 1

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV₁

Colza, directriz TP 36/1 do 25.3.2004
 Xirasol, directriz TP 81/1 do 31.10.2002

ANEXO 2

Lista de especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV₂

Adormideira, directriz TG/166/3 do 24.3.1999

Alazor ou cártamo, directriz TG/134/3 do 12.10.1990
 Algodón, directriz TG/88/6 do 4.4.2001
 Cacahuetes, directriz TG/93/3 do 13.11.1985
 Colinabo, directriz TG/89/6 do 4.4.2001
 Liño, directriz TG/57/6 do 20.10.1995
 Mostaza, directriz TG/179/3 do 4.4.2001
 Nabiña, directriz TG/185/3 do 17.4.2002
 Ravo oleaxinoso, directriz TG/178/3 do 4.4.2001
 Soia, directriz TG/80/6 do 1.4.1998.»

1 O texto destes protocolos pódese consultar na páxina web de OCVV (www.cpvo.eu.int).

2 O texto destes protocolos pódese consultar na páxina web de UPOV (www.upov.int).

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

4879 *ORDE SCO/747/2006, do 9 de marzo, pola que se modifican os anexos II, III, IV e VI do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 65, do 17-3-2006.)

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005 e SCO/3691/2005, modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, as últimas delas mediante as Directivas 2005/42/CE da Comisión, do 20 de xuño de 2005, e a Directiva 2005/52/CE da Comisión, do 9 de setembro de 2005.

Mediante esta disposición traspóñense estas directivas ao noso ordenamento xurídico, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. Modificación dos anexos II, III, IV e VI do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, queda modificado como segue:

Un. No anexo II engádense os seguintes números de referencia:

«1133. Aceite da raíz do costus (*Saussurea Lappa Clarke*) (n.º CAS 8023-88-9), empregado como ingrediente de fragancia.

1134. 7-etoxi-4-metilcumarina (n.º CAS 87-05-8), empregado como ingrediente de fragancia.

1135. Hexahidrocumarina (n.º CAS 700-82-3), empregado como ingrediente de fragancia.